

BASES DO I CERTAME DE PINTURA RÁPIDA

OBXECTO: O Concello de Cerdedo- Cotobade convoca I Certame de Pintura co obxecto de fomentar a creación artística, e dentro dos actos do verán cultural. O tema a realizar será Carballedo (rúas, monumentos, panorámicas...).

Poderán participar todos os artistas que o desexen, a partir de 14 anos.

O Concurso desenvolverase o día 12 de agosto de 2017.

TRABALLO: Cada concursante poderá concorrer cunha soa obra.

Admitiranse tódalas técnicas e procedementos pictóricos. O soporte (lenzo, papel...) terá dimensións mínimas de 40 x 40 e máximas de 116 x 89 cms, deberá ser ríxido, totalmente branco e de superficie lisa, sendo rexeitado o que se presente coloreado ou con texturas de fondo.

Todos os concursantes presentaranse o sábado as 10:45 da mañá na praza do concello, da sede de Cotobade as 11:00, para selar e numerar os soportes. Só se selará un soporte por participante; unha vez selado e numerado poderá empezar a realizar a súa obra. As obras volverán a praza do concello as 17:00 para a valoración do xurado.

Serán os propios pintores os responsables do coidado da súa obra e cabaleta, polo que a perda, rotura, etc., durante a súa exposición non dará lugar a ningún tipo de reclamación, aínda así, a organización porá especial atención ante calquera incidente.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: As inscricións realizaranse ata o día 11 de agosto e poderase realizar mediante teléfono, carta ou solicitude que se presentará na oficina da OMIX, na Chan nº11; Teléfono 986760001; cultura.cotobade@cerdedo-cotobade.gal

PREMIOS:

O xurado reunirse o mesmo día do concurso, unha vez expostas as obras. O fallo, que será inapelable, darase a coñecer as 19:00 horas do mesmo día do concurso. Farase público o nome dos premiados e a vez procederase a entrega dos premios.

Outorgaranse os seguintes premios:

1. Premio: unha noite na casa rural O Casal de Cris que se quedará coa obra.
2. Premio: unha cea para dúas persoas en Casa Perdíz e quedarase coa obra.
3. Premio: un paseo a cabalo para dúas persoas na Atalaia e quedarase coa obra.

As tres obras gañadoras pasarán a mans do concello de Cerdedo-Cotobade, podendo ser reproducidas ou utilizadas en diferentes eventos.

EXPOSICIÓN E VENTA: As obras poderán continuar expostas para a súa venda ata as 21:00 horas do mesmo día, debendo ser retiradas polos autores nese momento.